

Os factores sociais, familiares e económicos, de gran relevancia na prevención do risco suicida infanto-xuvenil

- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia mostra o seu total apoio e colaboración despois da presentación do Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.
- O COTSG reivindica ante a Xunta o recoñecemento da figura do traballo social neste protocolo, ante a relevancia dos factores sociais, familiares e económicos na prevención do risco suicida entre as crianzas.

Redacción, 08-11-22. - A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) reivindica, neste momento de gran preocupación pola saúde mental das crianzas, a figura do traballo social dentro do Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil, que vén de presentarse fai uns días por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Desde a institución expresan “queremos amosar apoio e colaboración ante esta iniciativa que, entendemos, actualiza e inclúe novas estratexias co obxectivo de abordar as problemáticas —xa detectadas polo Traballo social — e reducir o risco de suicidio infanto-xuvenil”.

O COTSG subliña, ademais que **“entre os factores de risco suicida no alumnado infanto-xuvenil, adquiren gran relevancia os factores sociais e familiares tales como aparecen no propio protocolo**, individuais (Historia de violencia ou abuso sexual, consumo de alcol ou substancias, dificultades resolución de problemas, para asumir a orientación sexual ou identidade de xénero, discapacidade, etc.) socioeducativos (discriminación, illamento, acoso e ciberacoso, fracaso escolar, etc.) e familiares (Consumo de substancias, violencia, dificultades vinculares, estilos de crianzas inaxeitados, perdas, menores incluídos no sistema de protección, etc.)”.

Desde este colexio profesional trasladan á Consellería que “os factores sociais desfavorables que repercuten negativamente nos menores **son susceptibles de ser abordados desde os Servizos Sociais**, xa que logo a orientación e colaboración con outros servizos e institucións nas intervencións que requiran

derivación, intervención conxunta e/ou coordinación cos servizos públicos existentes resultan fundamentais para dar respostas globais e integrais ás necesidades do alumnado”.

Segundo datos ofrecidos por Save the Children, outro factor de risco a ter en conta en relación co suicidio infanto-xuvenil é o nivel de renda familiar; nos fogares con rendas baixas, a porcentaxe triplícase en relación cos fogares con rendas altas, o que constitúe unha cifra preocupante se temos en conta que xustamente estes fogares dispoñen de menos recursos para tratar de axudar aos menores.

Ao fío disto engaden que “A avaliación dos factores de risco e protección é unha fase primordial na prevención primaria das condutas autolíticas. A coordinación do profesorado e do departamento de orientación do centro coas familias e cos profesionais de traballo social é básica posto que a contorna educativa é un espazo privilexiado para a prevención das diferentes condutas de risco. Neste sentido, as/os traballadoras/es sociais son profesionais con formación para abordar esta temática, tanto para intervir en accións preventivas (detectando advertencias, factores de risco e áreas de vulnerabilidade, recoñecemento de signos externos que puideran derivar nunha morte por suicidio) coma na intervención post-suicidio, xa que son expertos/as en modelos de intervención en crise e técnicas de apoio en dó”.

Por último destacan que “Non hai que esquecer que **a figura das/os traballadores sociais fortalece o vínculo entre as familias e a escola**, colaborando no proceso de inclusión do alumnado e atendendo a aspectos sociofamiliares e adaptativos que inciden no seu desenvolvemento educativo”.

O Traballo Social debe ser recoñecido dentro deste protocolo como a figura de referencia que xa é tanto nas unidades de saúde mental como nos Equipos de Orientación Específicos para seguir acompañando dun xeito especializado ás familias e crianzas nestes momentos de incerteza despois de transitar a pandemia da COVID-19.

+INFO GABINETE DE COMUNICACIÓN 604 07 63 63